

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DA PEROXA

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

Aprobación definitiva do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello da Peroxa

O alcalde do Concello da Peroxa, mediante o Decreto número 2024-0203, do 25/06.2024, resolveu aprobar con carácter definitivo o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello da Peroxa, redactado polo enxeñeiro de montes Pablo Arbones Maciñeira e o enxeñeiro técnico forestal Víctor Mouronte Barreiro, e que é do teor literal seguinte:

“Decreto

Expediente n.º: 172/2022

Asunto: aprobación do Plan municipal de prevención de incendios

Procedemento: disposicións normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Unha vez visto o expediente administrativo n.º 172/2022 tramitado para a aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Concello de A Peroxa, redactado polo enxeñeiro de montes Pablo Arbones Maciñeira e o enxeñeiro técnico forestal Víctor Mouronte Barreiro,

Atendido que o precitado Plan municipal de prevención e Defensa contra os incendios forestais do Concello da Peroxa, foi aprobado inicialmente por Resolución de Alcaldía do día 19/07/2022, e permaneceu exposto ao público por un prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio publicado no BOP de Ourense n.º 172, do 29/07/2022, sen que durante o citado prazo se formularsen alegacións, suxestións ou reclamacións ningunhas.

Tendo en conta que consta no expediente administrativo de referencia o informe preceptivo e vinculante sobre o devandito Plan, asinado polo director xeral de Defensa do Monte, polo que se informa que este cumpre cos requisitos mínimos establecidos no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e, así mesmo, infórmase favorablemente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, tal e como se establece no artigo 21.1.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril.

Considerando o disposto nos artigos 16.5 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.s) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Esta alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a normativa de aplicación, resolve:

Primeiro. Aprobar definitivamente o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello da Peroxa, redactado polo enxeñeiro de montes Pablo Arbones Maciñeira e



o enxeñeiro técnico forestal Víctor Mouronte Barreiro, nos termos en que figura no expediente administrativo n.º 172/2022.

Segundo. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, así como na sede electrónica do Concello (<https://aperoxa.sedelectronica.es/info.0>), para xeral coñecemento e efectos.

Terceiro. Publicar o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do concello da Peroxa definitivamente aprobado no portal de transparencia do Concello da Peroxa para xeral coñecemento e efectos.

Cuarto. Comunicarlle a presente resolución á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento e efectos.

Quinto. Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ambos os prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se publique a resolución no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución. Non entanto, as persoas interesadas poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren pertinente.

Mándao e asíno o alcalde, Manuel Seoane Rodríguez, na Peroxa, o día indicado na marxe.”

O Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello da Peroxa, redactado polo enxeñeiro de montes Pablo Arbones Maciñeira e o enxeñeiro técnico forestal Víctor Mouronte Barreiro, estará a disposición das persoas interesadas no portal de transparencia do Concello da Peroxa na súa sede electrónica (<https://aperoxa.sedelectronica.es/info.0>), no apartado 2. Normativa 2.3. Outras Disposicións, para xeral coñecemento.

Isto publícase con base no disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, para xeral coñecemento e efectos, e faise saber que, contra esta resolución de aprobación definitiva do Plan, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer os recursos reflectidos no apartado quinto da parte dispositiva desta.

A Peroxa, 25 de xuño de 2024. O alcalde.

Asdo.: Manuel Seoane Rodríguez.

R. 1.746

